



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Estatística e Introducción á Econometría		Código	611G02014
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Cancelo de la Torre, Jose Ramon	Correo electrónico	jose.cancelo@udc.es	
Profesorado	Cancelo de la Torre, Jose Ramon Lado González, Eva M ^a Martín Legendre, Juan Ignacio Perez Lopez, Jose Benito Uriz Tome, Pilar	Correo electrónico	jose.cancelo@udc.es eva.lado@udc.es juan.ignacio.martin.legendre@udc.es benito.perez@udc.es pilar.uriz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten dous contidos ben diferenciados. A primeira parte, Estatística, é a continuación da materia de primeiro curso ?Estatística? e dedícase a presentar os conceptos e ferramentas da inferencia estatística, cuxo obxectivo é aproximar propiedades descoñecidas dunha poboación utilizando os resultados obtidos para unha mostra representativa da mesma. Préstase especial atención aos procedementos empregados para estimar os valores dos parámetros poboacionais descoñecidos, e para contrastar diversas hipóteses sobre os mesmos. A segunda parte, Introducción á Econometría, pretende establecer o papel da Econometría no contexto xeral da ciencia económica, introducir a terminoloxía e a linguaxe econométricos, e iniciar a aprendizaxe dos conceptos e das ferramentas básicas para a análise cuantitativa e empírica da economía.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías previstas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades iniciais. - Sesión maxistral. - Solución de problemas. - Prácticas a través de TIC. - Taller. - Traballos tutelados. - Proba obxectiva. <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha, mantéñense todas as metodoloxías previstas na docencia presencial.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao estudantado</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico: os correos recibidos contestaranse no horario de titoría do profesorado, salvo que a demanda de titorías personalizadas obrigue a unha extensión do horario anunciado. De uso para expor consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas, e realizar o seguimento do traballo tutelado. - Campus Virtual (Moodle): as mensaxes recibidas contestaranse no horario de titoría do profesorado, salvo que a demanda de titorías personalizadas obrigue a unha extensión do horario anunciado. En caso necesario crearanse foros específicos para cada actividade do curso, co fin de canalizar as discusións sobre os diferentes contidos da materia. - Teams: as sesións estableceranse a demanda do estudantado, expostas a través do correo electrónico ou do Campus Virtual, tanto no que respecta ao número de persoas implicadas como ao contido das mesmas. Esta dinámica permitirá realizar un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do estudantado para desenvolver as actividades contempladas na materia. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizará ningunha modificación na avaliación.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense todas as observacións de avaliación que figuran na guía docente, coa condición de que se o profesorado considérase necesario publicaranse no Campus Virtual da materia adaptacións das normas de entrega específicas de actividades concretas, co fin de acomodar a súa avaliación ás novas circunstancias. Cada estudante será responsable de comprobar que o que entrega cumpre os requisitos establecidos nas normas adaptadas antes de proceder á entrega definitiva.</p> <p>As normas de entrega adaptadas publicaranse no Campus Virtual cun mínimo de catorce (14) días naturais antes da data límite de entrega da actividade correspondente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizará ningún cambio xa que todos os materiais de traballo da materia estarán dispoñibles de maneira dixitalizada no Campus Virtual, ou se poderán descargar sen ningunha restrición de páxinas webs abertas a calquera usuario.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer e comprender os conceptos fundamentais da Inferencia Estatística.	A3 A4 A6 A8 A11 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B10	C4 C5 C6 C7 C8
Manexar as técnicas básicas da Inferencia Estatística.	A3 A4 A6 A8 A11 A12	B2 B3 B4	C1 C4 C6 C7
Coñecer e utilizar correctamente e con precisión a terminoloxía e a linguaxe econométrica.	A4 A8 A10 A11	B1 B10	C1 C4 C5 C6 C7 C8
Especificar e estimar modelos sinxelos para a análise cuantitativa das relacións entre as variables económicas, e valorar os resultados da estimación.	A6 A8 A11	B2 B3 B4 B5	C4 C5 C6 C7 C8
Utilizar as rutinas de cálculo necesarias para resolver os problemas empíricos en economía a través do software adecuado.	A9	B2	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1) Distribucións na mostraxe	- Conceptos básicos - Resultados xerais - Poboacións normais - Algúns resultados para mostrax grandes
2) Estimación	- Estimación puntual - Intervalos de confianza: formulación xeral - Intervalos de confianza para poboacións normais - Algúns intervalos de confianza para mostrax grandes
3) Contrastación de hipóteses	- Formulación xeral - Contrastación de hipóteses en poboacións normais - Algúns contrastes de hipóteses para mostrax grandes
4) O ámbito da Econometría	- Modelos económicos e modelos econométricos - Terminoloxía e tipos de datos - Apéndice. Regresión lineal: enfoque descritivo
5) O modelo clásico de regresión lineal	- Supostos - Estimadores - Interpretación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B10 C4 C6 C7 C8	2	0	2



Sesión maxistral	A3 A4 A6 A8 A10 A11 B1 B3 B4 B5 B10 C4 C5 C6 C7 C8	15	45	60
Solución de problemas	A3 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	7	14	21
Prácticas a través de TIC	A3 A4 A6 A8 A9 A11 B2 B3 B4 B5 C6 C7	3	15	18
Obradoiro	A3 A6 A8 A9 A11 A12 B3 B4 B5 C6 C7	8	16	24
Traballos tutelados	A8 A11 A12 B2 B3 B4 B5 B10 C1 C4 C6 C7	4	8	12
Proba obxectiva	A3 A4 A6 A8 A10 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	3	6	9
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Cada parte do curso comezará cunha presentación da materia, na que expoñeráse con detalle o traballo a desenvolver polo estudiantado e como vai ser avaliado.
Sesión maxistral	Baséase na exposición oral dos conceptos e métodos por parte do profesorado. A exposición inclúe exemplos e exercicios que poñen de relevo as posibilidades e limitacións das técnicas analizadas.
Solución de problemas	Docencia interactiva dedicada á solución de problemas nos que se aplican os conceptos teóricos.
Prácticas a través de TIC	Sesións interactivas dedicadas á presentación e aplicación das ferramentas informáticas relacionadas cos contidos do programa.
Obradoiro	Sesións nas que se realizarán aplicacións da teoría, exercicios, problemas e tarefas prácticas.
Traballos tutelados	Os estudantes realizarán un traballo en grupo da parte de Introducción á Econometría, no que combinarán o aprendido nas sesións maxistrais e nas clases de taller e prácticas a través de TIC. O traballo estará supervisado polo profesorado da materia durante a súa realización.
Proba obxectiva	Realizaranse dúas probas para avaliar o grao de aprendizaxe, unha de Estatística e outra de Introducción á Econometría.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	- Resolución das dúbidas específicas de cada estudante que se poidan suscitar na comprensión dos conceptos teóricos ou na súa aplicación práctica.
Prácticas a través de TIC	- Adaptación do ensino das ferramentas informáticas ás características específicas de cada estudante.
Obradoiro	- A atención prestarase nas horas de clase, nas horas de titoría para grupos reducidos, e no horario semanal de titorías do profesorado.
Proba obxectiva	- Cada grupo dividirase en dous subgrupos e impartiranse catro horas de titoría para cada subgrupo, que repartiranse ao longo do período de clases en función da planificación docente.
Traballos tutelados	- A atención personalizada ao estudiantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia prestarase no horario semanal de titorías do profesorado. En caso necesario procederáse a unha extensión do horario anunciado, establecendo un horario de titorías específico para este colectivo.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A3 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	Cada estudante terá que resolver e entregar boletíns personalizados de problemas. O apartado de observacións de avaliación inclúe máis información sobre esta metodoloxía. Non poderá recuperarse na segunda oportunidade.	13
Proba obxectiva	A3 A4 A6 A8 A10 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	Ao longo do curso realizaranse dúas probas obxectivas, unha para a parte de Estatística e outra para a parte de Introducción á Econometría. O apartado de observacións de avaliación inclúe máis información sobre esta metodoloxía. Recuperable na segunda oportunidade.	80
Traballos tutelados	A8 A11 A12 B2 B3 B4 B5 B10 C1 C4 C6 C7	O estudiantado deberá realizar e entregar un traballo en grupo, supervisado polos profesores. O apartado de observacións de avaliación inclúe máis información sobre esta metodoloxía. Non poderá recuperarse na segunda oportunidade.	7

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN

1) Condicións de avaliación

1.1 Normas para a realización das probas de avaliación presenciais

As persoas que vaian realizar unha proba presencial só poderán usar un bolígrafo e unha calculadora científica non programable. Se fose necesario outro material, será facilitado polos profesores no momento de realizar a proba, ou anunciarase no Campus Virtual cun mínimo de catorce (14) días naturais antes da data da proba para que o estudiantado tráiao o día da súa realización.

Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, está prohibido acceder á aula na que a se celebre a proba con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñeráse que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a normativa correspondente. As persoas que traian dispositivos deste tipo o día da proba ?incluídos teléfonos móbiles ou reloxos intelixentes- e non teñan onde deixalos, deberán depositalos na entrada da aula antes do comezo da proba. O profesorado non se fai responsable da súa posible perda ou extravío.

1.2 Normas para a realización das probas de avaliación controladas a través de Teams

As persoas que vaian realizar a proba deben estar conectadas a Teams en todo momento, salvo que se especifique o contrario de maneira expresa nas instrucións desa proba concreta. Se unha persoa comeza a proba antes de conectarse a Teams, desconéctase momentaneamente de Teams durante a realización da proba, continúa facendo a proba despois de desconectarse de Teams, ou sae do campo de visión da cámara durante a realización da proba, a proba considerarase non entregada. Cada estudante deberá ter a cámara web activada en todo momento; a desconexión da cámara considerarase equivalente a unha desconexión de Teams, e supoñerá que a proba considerese non entregada.

O profesorado gravará a proba como garantía da identificación do estudiantado e da realización do proceso de avaliación esixido pola Lei Orgánica de Universidades. É responsabilidade de cada estudante configurar o seu espazo para evitar a vulneración da intimidade ou dos datos persoais seus ou de terceiras persoas. En todo o relativo á gravación destas probas aplicarase estritamente a normativa da universidade.

Salvo que se indique o contrario nas instrucións dunha proba concreta, aplicarase as mesmas normas que nunha proba presencial: só poderase usar bolígrafo e unha calculadora científica non programable; e non se poderá acceder a ningún dispositivo que permita a comunicación con terceiros e/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, tabletas, computadores, etc. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñeráse que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a correspondente normativa.

2.

Identificación do estudante

O estudante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa



normativa vixente. Para iso o profesorado poderá requirir en calquera momento a identificación do estudante, quen deberá acreditala mediante a tarxeta de estudante da UDC, o documento nacional de identidade, ou un documento identificativo que a xuízo do profesorado sexa equivalente aos anteriores.

3.

Procedemento de actuación ante a realización fraudulenta dunha actividade que computa na avaliación

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN

1. Cualificación

de non presentado

Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, só serán cualificadas con Non Presentado as persoas que se presentaron a actividades que en conxunto supoñan menos do 20% da nota final desa oportunidade.

2. Estudantes

con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

Aplicaráselle as mesmas normas de avaliación que ao estudantado matriculado a tempo completo, tanto na primeira oportunidade como na segunda. As persoas con recoñecemento de dedicación a tempo parcial están exentas da asistencia a clase, pero teñen a mesma obriga de acudir a calquera tipo de proba de avaliación presencial que o estudantado a tempo completo.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN

1.

Primeira oportunidade

1.1 Contexto xeral da avaliación

A materia ten dous contidos ben diferenciados, Estatística e Introducción á Econometría. A cada parte correspóndelle o 50% da cualificación, e para aprobar a materia haberá que superar os requisitos de cualificación mínima en cada parte que se describen máis adiante.

1.2 Desagregación da nota total

A cualificación final para o conxunto da materia obterase do seguinte modo:

1.2.1 Parte de Estatística

- Solución de problemas de Estatística: dúas actividades que supoñerán o 10% da nota final (1 punto), e que hanse de entregar nas datas e forma que detallaranse no Campus Virtual da materia.

- Proba obxectiva de Estatística, que combinará preguntas sobre aspectos teóricos e teórico-prácticos con exercicios desa parte. Esta proba supoñerá o 40% da nota final (4 puntos), e realizarase ao finalizar a docencia dos contidos de Estatística. O estudantado que non superase a proba, ou que superándoa se así o desexa, poderá repetila na data aprobada pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da primeira oportunidade da materia. Se unha persoa preséntase ás dúas posibilidades a cualificación que se usará no cálculo da nota final será a do segundo intento, con independencia de que sexa



maior ou menor que a obtida no primeiro. Se só se presenta unha vez, a cualificación que se usará no cálculo da nota final será a dese único intento.

1.2.2 Parte de Introducción á Econometría

- Solución de problemas de Introducción á Econometría: esta actividade supoñerá o 3% da nota final (0,3 puntos), e hase de entregar na data e forma que detallaranse no Campus Virtual da materia.
- Traballo tutelado: un traballo aplicado, realizado en grupo, no que se combinará o aprendido nas sesións maxistras e nas clases de taller e prácticas a través de TIC. Este traballo supoñerá o 7% da nota final (0,7 puntos), e hase de entregar na data e forma que detallaranse no Campus Virtual da materia.
- Proba obxectiva de Introducción á Econometría, que combinará preguntas sobre aspectos teóricos e teórico-prácticos con exercicios desta parte. Esta proba supoñerá o 40% da nota final (4 puntos) e realizarase cara ao final do período de clases, ao acabar a docencia dos contidos de Introducción á Econometría. O estudantado que non superase a proba, ou que superándoa se así o desexa, poderá repetila na data aprobada pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da primeira oportunidade da materia. Se unha persoa preséntase ás dúas posibilidades a cualificación que se usará no cálculo da nota final será a do segundo intento, con independencia de que sexa maior ou menor que a obtida no primeiro. Se só se presenta unha vez, a cualificación que se usará no cálculo da nota final será a dese único intento.

1.3 Forma de realizar e entregar as actividades que computan na nota final da materia

Para cada actividade que o estudantado deba realizar publicaranse unhas normas de entrega específicas no Campus Virtual da materia, que detallarán os requisitos que debense cumprir para que se considere que a actividade foi realizada e entregada correctamente. O incumprimento deses requisitos significará que parte da actividade está mal realizada, supoñerá unha penalización da puntuación por defecto de forma, ou levará a considerar que a actividade non se entregou, dependendo do requisito concreto que non se satisfaga. Cada estudante será responsable de comprobar que o que vai entregar cumpre os requisitos pedidos antes de proceder á entrega definitiva. Estas normas de entrega publicaranse no Campus Virtual cun mínimo de catorce (14) días naturais antes da data límite de entrega da actividade correspondente.

1.4 Cualificación final da primeira oportunidade

Só superarán a materia as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Obter unha puntuación de cinco puntos ou máis ao sumar as notas de todas as actividades realizadas.
- Obter unha puntuación do 40% ou máis do peso de cada unha das dúas partes nas que se divide a materia. Así, para superar a materia é imprescindible obter unha puntuación de dous puntos ou máis nas actividades da parte de Estatística, e unha puntuación de dous puntos ou máis nas actividades da parte de Introducción á Econometría.

A cualificación que figurará na acta da primeira oportunidade será a suma das notas de todas as actividades realizadas ao longo do cuatrimestre, coas seguintes excepcións:



- As persoas cuxa nota total sexa igual ou superior a cinco puntos pero que teñan a materia suspensa por non obter unha puntuación mínima do 40% nalgunha das dúas partes, serán cualificadas na acta da primeira oportunidade con 4,5 puntos.

- Tamén terán dita cualificación as persoas cuxa nota total non chegue aos cinco puntos pero sexa superior á 4,5.

2. Segunda

oportunidade

2.1 Estudantes que non teñan unha nota mínima de 2,5 puntos en ningunha das dúas partes da materia:

Estas persoas terán que repetir as seguintes actividades na oportunidade de xullo:

- Proba obxectiva da parte de Estatística (40% da nota final, 4 puntos).

- Proba obxectiva da parte de Introducción á Econometría (40% da nota final, 4 puntos).

As dúas probas realizaranse o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade.

Nas demais actividades do curso manterase a nota obtida na primeira oportunidade, de modo que non se repetirán na convocatoria de xullo.

En consecuencia, as actividades nas que mantense a nota da primeira oportunidade son:

- Solución de problemas da parte de Estatística (10% da nota final, 1 punto).

- Solución de problemas da parte de Introducción á Econometría (3% da nota final, 0,3 puntos).

- Traballo tutelado (7% da nota final, 0,7 puntos).

Se unha persoa que ten que repetir as dúas probas obxectivas, a de Estatística e a de Introducción á Econometría, só repite unha delas, considerarase que tamén fixo a outra e que a deixou en branco, co que será cualificada cun cero na proba que non fixo e terá a materia suspensa.

2.2 Estudantes que teñan unha nota mínima de 2,5 puntos nunha das dúas partes da materia:

Considerarase que estas persoas liberaron esa parte na primeira oportunidade, e por tanto tamén se lles manterá a cualificación da primeira oportunidade da correspondente proba obxectiva. En consecuencia, estas persoas terán que repetir as seguintes actividades na convocatoria de xullo:

- Proba obxectiva da parte cuxa nota na primeira oportunidade é inferior a 2,5 puntos (40% da nota final, 4 puntos).

Esta proba realizarase o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade.

Nas demais actividades do curso manterase a nota que obtivesen na primeira oportunidade, de modo que non se repetirán na convocatoria de xullo.

En concreto, estas actividades son:

- Solución de problemas da parte de Estatística (10% da nota final, 1 punto).

- Solución de problemas da parte de Introducción á Econometría (3% da nota final, 0,3 puntos).

- Traballo tutelado (7% da nota final, 0,7 puntos).

- Proba obxectiva da parte cuxa nota na primeira oportunidade é



igual ou superior a 2,5 puntos (40% da nota final, 4 puntos).

Os liberados dunha parte da materia unicamente son válidos para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte na primeira oportunidade non consegue aprobar a materia na segunda oportunidade, a súa cualificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos.

Do mesmo xeito que na primeira oportunidade, a cualificación que figurará na acta será a suma das notas de todas as actividades que integran a cualificación final, coas seguintes excepcións:

- As persoas cuxa nota total sexa igual ou superior a cinco puntos pero que teñan a materia suspensa por non obter unha puntuación mínima do 40% nalgunha das dúas partes, serán cualificados na acta con 4,5 puntos.
- Tamén terán dita cualificación as persoas cuxa nota total non chegue aos cinco puntos pero sexa superior á 4,5.

3. Convocatoria

adiantada

A cualificación determinarase mediante unha proba obxectiva que se celebrará na data que estableza o centro. A proba obxectiva cualificarase sobre un máximo de dez puntos, dos cales a parte de Estatística supoñerá un máximo de cinco puntos e a parte de Introducción á Econometría un máximo de cinco puntos.

Para aprobar a materia será necesario cumprir os dous seguintes requisitos:

- a) Unha cualificación total mínima de cinco puntos.
- b) Unha cualificación mínima de dous puntos en cada unha das partes.







Estas condicións de avaliación son específicas para a oportunidade adiantada e só aplicaranse nese caso.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Peña, D. (2008). Fundamentos de Estadística. Alianza Editorial- Newbold, P. (1997). Estadística para los Negocios y la Economía. Prentice Hall- Ramil, M., Rey, C., Lodeiro, M. y Arranz, M. (2014). Introducción a la Econometría: teoría y práctica. Noroeste S.L.- Stock, J.H. y Watson, M.W. (2012). Introducción a la Econometría. Pearson- Wooldridge, J.M. (2010). Introducción a la Econometría: un enfoque moderno. Cengage Learning
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Carrascal, U., González, Y. y Rodríguez, B. (2000). Análisis Económico con EViews. Ra-ma- Casas Sánchez, J. M. (1997). Inferencia Estadística. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces- Casas Sánchez, J. M. y otros (2006). Ejercicios de inferencia estadística y muestreo para economía y administración de empresas. Editorial Pirámide- Guisán, M.C. (1997). Econometría. McGraw-Hill- Gujarati, D. (2006). Principios de Econometría. McGraw-Hill- Martín, G., Labeaga, J.M. y Mochón, F. (1997). Introducción a la Econometría. Prentice Hall- Ruiz-Maya, L. y Martín-Pliego López, J. (2005). Fundamentos de Inferencia Estadística. Editorial Thomson-AC

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/611G02001
Principios de Macroeconomía/611G02005
Estatística I/611G02006
Matemáticas I/611G02009
Matemáticas II/611G02010

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Econometría/611G02019

Observacións



1) REQUISITOS PREVIOS Esta materia é a continuación da materia Estatística de primeiro curso. É moi recomendable que os estudantes estean familiarizados cos contidos que alí se impartiron, e de forma moi especial coas propiedades da media e da varianza, as distribucións de probabilidade, o manexo das táboas estatísticas e o teorema central do límite.

2) ADAPTACIÓN DA DOCENCIA PRESENCIAL Á MODALIDADE SEMIPRESENCIAL No caso en que a Facultade de Economía e Empresa determine que a docencia pase a desenvolverse de maneira semipresencial, as clases que estaban previstas impartir na aula impartiranse por videoconferencia a través de Teams. Salvo por esta modificación a actividade docente será a mesma que na modalidade presencial, de modo que continuarase aplicando todo o exposto nesta guía docente.

3) OUTRAS CONSIDERACIÓNS- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia solicitarase en formato virtual e realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías